

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

EXTRACTO da Orde do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809G).

BDNS (Identif.): 874493.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/874493>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas para a contratación de persoas coidadoras de gando en explotacións gandeiras, para pastoreo e manexo do gando como medida preventiva dos danos que poida ocasionar o lobo, procedendo á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento MT809G).

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 4 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809G).

CVE-DOG: b9bg9eh3-yzz6-p087-1ga8-v4vwzzufzqs4



Cuarto. *Contía*

As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cun importe total de cincocentos sesenta e sete mil setecentos cincuenta euros (567.750,00 €).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: b9bg9eh3-yzz6-p087-1ga8-v4vwzzufzqs4

